


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 02/12/2021 9:07:53
SAIDA 18717/21




Reclamante: 


Expediente. Nº RSCTG 171/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada  mediante escrito do 14 de outubro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 14 de outubro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante Consellería do Medio Rural, sobre as explotacións gandeiras de produción e reprodución que constaban no rexistro de explotacións gandeiras de Galicia o 1 de xullo de 2016 e o 1 de xullo de 2021 e sobre explotacións avícolas.

A reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude e que Administración Autónoma está en posesión dos datos solicitados, pois trátase dos contidos mínimos que deben recoller os rexistros de explotacións gandeiras autonómicas segundo establece a normativa que regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 22 de outubro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Rural para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 29 de outubro de 2021 a Consellería contesta á petición, remitindo copia do expediente solicitado, no que figura resolución do 19 de outubro de 2021, do Director Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias pola que se resolve conceder o acceso á información solicitada, que se notificou á interesada por email e a través do sistema Notifica.gal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería non resolveu a solicitude presentada en prazo, senón que ditou resolución expresa con data do 19 de outubro de 2021, cando a interesada xa tiña presentada a reclamación ante esta Comisión, polo que debe admitirse a mesma .

Quinto.- Análise do expediente

A interesada solicitou á Consellería de Medio Rural información referente as explotacións gandeiras de produción e reprodución que constaban no rexistro de explotacións gandeiras de Galicia dende o 1 de xullo de 2016 e sobre explotacións avícolas.

A Consellería, se ben non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que a Lei establece, ditou resolución expresa con posterioridade, na que concede o acceso á información solicitada.

No informe emitido pola Consellería á reclamación, faise constar que se solicitou á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a remisión das consultas precisas á base de datos en relación coa información solicitada. Así mesmo, faise constar a complexidade da información solicitada, non só por canto se requiría a relación da totalidade das explotacións de todas as especies de produción (bovino, ovino e cabrún, aves, coellos, équidos, porcino, apicultura e explotacións peleteiras), senón tamén porque se solicitaban en dúas datas diferentes, e a maiores indicábase que se incluían non só as explotacións en estado de alta, senón tamén as que estaban en estado de baixa ou inactivas, polo que a efectos prácticos solicitábase a totalidade de explotacións que historicamente houbo en Galicia.

O Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) remitiu a información solicitada en 16 arquivos, e nas datas posteriores o persoal do Servizo revisou o seu contido, aos efectos do seu envío á persoa interesada coa estrutura axeitada, co fin de facilitar a súa comprensión.

De acordo co anterior procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada, sen prexuízo de que si a reclamante o estima convinte, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á resolución expresa ditada pola Consellería con data do 14 de outubro de 2021, e na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, ditándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,



ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] con data 14 de outubro de 2021, contra a desestimación por silencio administrativo ca súa solicitude de acceso ante Consellería do Medio Rural, a información referente a explotacións gandeiras de produción e reprodución e sobre explotacións avícolas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.12.01 14:21:17 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.